



Confederación Intersindical Galega

INFORMA

Novembro 2011

Conseguimos reunirnos co xerente e que este se comprometera a iniciar a negociación, como moi tarde en xaneiro

Delegados/as da CIG pecháronse esta mañá na sede central do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar (Galiña Azul, I+B, Centros de Día, Servizos centrais...) en demanda, entre outros, da aplicación do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galiza. O peche, que comezou contra as 12:00 horas, mantívose até que foron recibidos polo xerente do organismo. Tras da xuntanza, na que participaron as/os representantes das/os traballadoras/es xunto a representantes da CIG-Ensino

e CIG-Administración, deron por finalizada a concentración. O xerente comprometeuse a iniciar unha negociación, como moi tarde en xaneiro.

Arredor de 70 delegados/as do Consorcio e representantes da CIG pecháronse este mércores na sede central do organismo co obxectivo de ser recibidos polo xerente para exixir o inicio inmediato dun proceso negociador para aplicar a todo o persoal do Consorcio no Convenio

único de persoal laboral da Xunta de Galiza.

Paralelamente houbo concentracións diante dos centros de traballo apoiando este peche e esixindo o comezo das negociacións.



Xunto a isto, demandaron que se resolvan todas as irregularidades que se están a dar na actualidade no que ten que ver coa xestión de listaxes, substitucións, cobertura das baixas, modalidades de contratos, falla de recursos materiais e humanos, despedimentos e oferta formativa suficiente, entre outros.

Do mesmo xeito, demandaron que se mellore e se faga pública a xestión das listas de contratación e substitución, aplicando os criterios que rexen para o resto do persoal da Xunta; que se atenda en tempo e forma as demandas das diferentes necesidades dos centros e que se establezcan os cadros de persoal,



para o que entenden que é necesario negociar o acceso á condición de laboral fixo.

Estes foron os puntos expostos ao xerente na entrevista que mantiveron as/os representantes das/os traballadoras/es e representantes da CIG-Ensinio e CIG-Administración, logo de manifestarlle o seu malestar por ter que recorrer a un peche para seren recibidas/os. Na xuntanza expuxeron que é totalmente inxustificábel que logo de dous anos os responsábeis non se moveran un ápice para mellorar as condicións de traballo de máis de 1.000 traballadoras/es que conforman o cadro de persoal do Consorcio. Máis se temos en conta que cando tomou posesión este goberno había un acordo de convenio asinado pola representación sindical e a anterior dirección do consorcio e referendado unanimemente polos

catro comités de empresa.

Anxo Louzao, secretario nacional de CIG-Ensinio, lembra que “o PP o que fixo foi non ratificar ese acordo de convenio, o que supón que este colectivo de traballadoras/es estean totalmente en precario, cun-

has retribucións dun 30-40% menores que o resto dos colectivos da administración autonómica realizando o mesmo traballo e desenvolvendo as mesmas funcións”.

A CIG exixiu, na reunión, fixar un calendario de negociacións co obxecto de aplicar inmediatamente o V Convenio Colectivo Único para a o Persoal Laboral da Xunta de Galiza.

Ao remate da xuntanza deron conta aos concentrados da posición do xerente. Segundo explicaron, este entendeu que “nos sobra a razón, xa que compromisos anteriormente acordados non se efectivizaron, pero que, desta volta, asumía como compromiso firme o inicio da negociación en decembro ou, como moi tarde, en xaneiro”. Negociación que pretendía vincular ao traspaso do Consorcio á Axencia Galega de Servizos Sociais

e a súa posta en marcha. Unha proposta que non foi aceptada pola CIG, que conseguiu que se comprometera a que, con independencia do futuro desta, no mes de xaneiro iniciáranse as negociacións.

En relación coa xestión transparencia das listas de agarda e da posibilidade de mobilidade e estabilidade das/os traballadores/es do Consorcio manifestou que estaba imposibilitado para atender as demandas presentadas por limitacións de persoal e de loxística.

A CIG, logo dos precedentes nas actuacións da consellaría de Traballo e Benestar, que malia este nome non ten problemas para despedir traballadoras/es e precarizar até límites insospeitados as condicións laborais do persoal e o incumprimento dos acordos acadados vai estar vixiante e continuará coas mobilizacións até que se efective e se aplique en toda a súa amplitude o convenio para melloras as retribucións, antigüidade, condicións laborais, mobilidade... co que conta o resto do persoal laboral da Xunta de Galiza.



Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensinio.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensinio.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensinio.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensinio.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensinio.com

Lugo

Rda de Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensinio.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensinio.com

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensinio.com

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensinio.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensinio.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensinio.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensinio.com